

ACORDO DO CONSELLO DE GOBERNO DE 31 DE OUTUBRO 2022 SOBRE O PROCEDEMENTO E CRITERIOS DE PRELACIÓN PARA A SAÍDA A CONCURSO DE PRAZAS DE PROFESORADO CONTRATADO DOUTOR A TEMPO COMPLETO DO PROFESORADO AXUDANTE DOUTOR NA UNIVERSIDADE DE VIGO

Na Oferta de Emprego Público de 2022 (OEP 22) a Universidade de Vigo reservou prazas de profesorado Contratado Doutor para cubrir unha parte das mesmas co profesorado axudante doutor acreditado a esta categoría, procedemento ao que se lle dará continuidade nas OEP dos seguintes anos.

Co fin de ordenar adecuadamente este procedemento, tras a correspondente negociación e acordo coa representación dos traballadores, o Consello de Goberno na súa sesión de xx de outubro de 2022, toma o seguinte **ACORDO**:

1. A Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado elaborará e fará pública unha listaxe do PDI Axudante Doutor acreditado a Contratado Doutor e que non estea incluído na listaxe de acreditados a profesorado Titular de Universidade en vigor.

Os criterios para a ordenación desta listaxe serán os seguintes:

- Data de obtención da acreditación como profesorado Contratado Doutor pola ANECA ou ACSUG.
 - En caso de igualdade no criterio anterior, antigüidade como profesor/a Axudante Doutor/a.
 - En caso de igualdade nos dous criterios anteriores, antigüidade na Universidade de Vigo
 - En caso de igualdade nos tres criterios anteriores, resolverase a favor da persoa de maior idade.
 - No caso de igualdade nos catro criterios anteriores, a corrección da maior infrarrepresentación de xénero dunha área de coñecemento da Universidade de Vigo entre o seu profesorado permanente.
2. Esta listaxe priorizarase a continuación da listaxe xerada polo profesorado contratado doutor interino acreditado a profesorado contratado doutor.
 3. A Universidade de Vigo utilizará a listaxe á que fai referencia o punto primeiro para determinar as prazas concretas a convocar na execución das correspondentes OEP. Así, unha vez fixado o número de prazas a convocar, utilizarase a listaxe correspondente como orde de prelación para determinar ás prazas concretas que se convocan. Cada unha destas prazas convocarase na mesma Área de Coñecemento, Centro e Campus aos que estea adscrita nese momento. Unha vez aprobada a creación e convocatoria das prazas no consello de goberno, para facer efectivas estas convocatorias as persoas que ocupen a praza seleccionada deberán solicitar a transformación da súa praza actual a unha de profesorado Contratado Doutor Interino. A praza ocuparáa interinamente a persoa interesada ata resolución do concurso.
 4. A listaxe de acreditados actualizarase por parte da Vicerreitoría con competencias en materia de profesorado cando se produza algunha das seguintes situacións:
 - Unha persoa pase a ocupar interinamente unha praza de profesorado Contratado Doutor, polo que se lle aplicará o acordo do consello de goberno de 27 de outubro de 2021.
 - Unha persoa que ocupe unha praza de profesorado Axudante Doutor e se atope na listaxe de profesorado acreditado a Contratado Doutor de Universidade, sen ter



rematado o seu período como Axudante Doutor, solicite ser eliminado de dita listaxe antes da convocatoria da praza correspondente.

5. O profesorado incluído na listaxe, unha vez chegada a quenda para a saída a concurso da praza, poderá solicitar, pasar ao final da listaxe.

Contra este acordo, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación (ou dende o día seguinte ao recibimento da súa notificación), de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra este acordo recurso de reposición, no prazo dun mes contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución (ou dende o día seguinte ao recibo desta notificación), perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Asinado dixitalmente en Vigo,

O REITOR

Por delegación (R.R. 22/06/2022)

O vicerreitor de Profesorado, Docencia e titulacións

Alfonso Lago Ferreiro

